

Addenda ao Convenio entre o Igape e a entidade colaboradora Álvarez Real, S.L. para a xestión de axudas relativas ao Programa Re-acciona.

Dunha parte, Covadonga Toca Carús, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante Igape), con CIF Q-6550010-J, e domicilio no Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15707, en Santiago de Compostela (A Coruña). Comparece na súa condición de directora xeral e está debidamente facultada para este acto en virtude da delegación de facultades recollida na Resolución do 18 de setembro de 2023 (DOG núm. 184, do 27 de setembro de 2023).

Doutra parte, Marta Álvarez López, con NIF 33335037X, actuando en nome e representación da entidade Álvarez Real, S.L. con NIF B27117332, debidamente facultado para subscribir esta addenda,

MANIFESTAN:

Que o Igape convocou no ano 2024 a nova edición do programa Re-acciona, cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027: un programa de axuda que facilite a prestación de servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas, que lles permitan adaptarse ao novo contexto económico. Neste tipo de programas é crucial a colaboración da Administración coas entidades prestadoras de servizos, para asegurar a calidade da prestación, reducir a barreira de entrada para os solicitantes de axudas, definir con precisión o alcance do asesoramento e facilitar a difusión.

Que, en consecuencia, o Igape convocou a través da Resolución do 12 de decembro de 2023, o procedemento de selección, en réxime de concorrência competitiva, das entidades colaboradoras que participarán na xestión das subvencións e actuarán de ligazón entre o Igape e os beneficiarios das axudas do Programa.

Que a devandita Resolución establece no seu artigo 1.4 que “a cualificación como entidade colaboradora será válida para a/as convocatoria/s que se publique/n no período de programación 2021-2027.

Que o día 1 de abril de 2024 ambas partes asinaron un convenio para a xestión de axudas relativas ao programa Re-acciona no ámbito do servizo de protección da innovación.

O artigo 16.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que *"o convenio de colaboración non poderá ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no mesmo a súa modificación e a súas prórrogas por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total das prórrogas poida ser superior á vixencia do período inicial e sen que en conxunto a duración total do convenio de colaboración poida exceder de seis anos."*

Na cláusula duodécima establécese que o convenio entrará en vigor o día da súa sinatura pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape e estenderá a súa vixencia ata o 30/12/2025 sen prexuízo das prórrogas, que, se é o caso, así se pactasen por acordo expreso das partes.

O día 13 de xaneiro de 2025 o Igape publicou unha nova convocatoria de axudas do Programa Re-acciona onde establece como prazo máximo de execución e xustificación dos servizos o 30 de novembro de 2026, polo que se fai necesario prorrogar o prazo inicial de vixencia do convenio.

ACORDAN

Prorrogar a vixencia do convenio, asinado con data 1 de abril de 2024, para a xestión de axudas relativas ao programa Re-acciona. En consecuencia, modifícase a redacción da seguinte cláusula:

"Duodécima . Vixencia

O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape e estenderá a súa vixencia ata o 30/12/2026 sen prexuízo das prórrogas, que, se é o caso, así se pactasen por acordo expreso das partes, unha vez tramitadas as habilitacións oportunas."

Asinado dixitalmente o 17 de xaneiro de 2025.

A directora xeral do Igape:

Covadonga Toca Carús

A representante legal da entidade colaboradora:

Marta Álvarez López